



CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR (SECRETARÍA XERAL DE INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS) E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA A PERSOAS INTERNAS EN CENTROS PENITENCIARIOS.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

#### **DECLARA:**

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar co Ministerio do Interior (Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O presente convenio ten por obxecto regular mecanismos de coordinación e seguimento da educación nos centros penitenciarios co fin de prestar o servizo educativo nas condicións adecuadas, de acordo co establecido polo artigo 11.1 do Real decreto 1203/1999, do 9 de xullo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Lei Orgánica 1/1979, do 26 de setembro, e o Regulamento Penal, aprobado polo Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro.

O Real decreto 1203/1999, do 9 de xullo, polo que se integran no Corpo de Mestres aos funcionarios pertencentes ao de Corpo Profesores de Educación Xeral Básica de Institucións Penitenciarias e dispóñense normas de funcionamento das unidades educativas dos establecementos penitenciarios.

Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

